

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Número do Dog: 238

Páxina do Dog: 15.047

Data da Disposición: 12 de novembro de 2003

Sección: III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

Organismo: CONSELLERÍA DE ASUNTOS
SOCIAIS, EMPREGO E
RELACIÓNS LABORAIS

Rango: Resolución

Título: Resolución do 12 de
novembro de 2003, da
Delegación Provincial da
Coruña, pola que se dispón o
registro, o depósito e a
publicación, no Diario Oficial
de Galicia, do convenio
colectivo do sector de
exportación de peixe fresco
do porto da Coruña.

Resolución do 12 de novembro de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o registro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo do sector de exportación de peixe fresco do porto da Coruña.

Visto o expediente do convenio colectivo do sector de exportación de peixe fresco do porto da Coruña (código do convenio número 1500304), que tivo entrada nesta delegación provincial o día 10-11-2003, subscrito en representación da parte económica pola Asociación de Mayoristas Exportadores de Pescado y Marisco da Coruña, e da parte social por UGT, CUT, CIG e CC.OO. o día 30-10-2003, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre registro e depósito de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordena-la súa inscrición no libro de registro de convenios colectivos de traballo, obrante nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordena-lo depósito do citado acordo no Servicio de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

A Coruña, 12 de novembro de 2003.

Elisa Madarro González

Delegada provincial da Coruña

Convenio colectivo de exportación de peixe fresco
do porto da Coruña

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Nos seus aspectos territorial, funcional e persoal, o presente convenio afecta as empresas con actividades abrangidas no comercio de exportación de peixe fresco e instaladas no porto da Coruña. Afectará a todo o persoal que preste os seus servizos nas citadas empresas e nos seus distintos postos de traballo, así como ó de novo ingreso durante a vixencia deste convenio.

Artigo 2º.-Vixencia e duración.

O texto articulado deste convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2002, independentemente de cando se publique no BOP, e estará vixente para tódolos efectos, ata o 31 de decembro de 2005.

Artigo 3º.-Denuncia.

Este convenio extinguirase o 31 de decembro de 2005, sen necesidade de denuncia previa.

Artigo 4º.-Condicións máis beneficiosas.

Tódalas condicións contidas neste convenio se establecen co carácter de mínimas. Os pactos actualmente existentes en calquera empresa ou costumes máis beneficiosos sobre condicións serán respectados.

Artigo 5º.-Comisión paritaria do convenio.

Constitúese unha comisión paritaria, que cumprirá as seguintes funcións:

-Interpretación das cláusulas deste convenio.

-Aplicación do pactado e vixilancia do seu cumprimento.

-Mediación, arbitraje e conciliación no caso de conflito entre empresa e traballador, así como no suposto de conflito colectivo, cando se solicite por instancia dun dos seus órganos.

-A comisión paritaria estará integrada por dous órganos, un en representación do sector social e outro en representación do sector empresa. Cada un estará integrado por tres representantes pertencentes á comisión negociadora. Ámbalas partes poderán ser asistidas por un asesor, con voz pero sen voto. Os acordos da comisión paritaria requirirán, validamente constituída, a asistencia á reunión de tres membros de cada unha das representacións.

Artigo 6º.-Horario de traballo e xornada.

A xornada de traballo fíxase en 38 horas semanais efectivas, aboándose como

extraordinarias o exceso de horas traballadas coas recargas que se establezan neste convenio.

A dita xornada repartirase de luns a sábado, a razón de 7 horas diarias de luns a venres en xornada continua intensiva e o sábado 3 horas, agás a semana que non se preste servizo o sábado, e que a xornada será de luns a venres a razón de 7 horas e 36 minutos diarios en xornada continua intensiva.

O persoal desfrutará dun descanso de trinta minutos que se contabilizará dentro da xornada laboral e no momento de menos afluencia de traballo.

O total anual de hora efectivas de traballo é de 1.619 horas, agás que por lei de rango superior se modifícase o dito cómputo.

Os traballadores afectados por este convenio están obrigados a presta-los seus servizos os sábados seguintes:

Ano 2003, o 50 % dos sábados que falten entre a data de publicación do convenio e o 31 de decembro de 2003.

Ano 2004: 24 sábados ó ano.

Ano 2005: 20 sábados ó ano.

Elaborarase un cadro calendario trimestral dos sábados, nos que se recollerán as quendas e traballo. O calendario estará exposto no centro de traballo desde a última semana do trimestre anterior ó que faga referencia este calendario.

No suposto de que por razóns de produción cumpra traballar máis sábados cós recollidos neste convenio, e sempre por acordo entre a empresa e os representantes dos traballadores, poderase dispor do número de sábados precisos para atender esas circunstancias productivas.

Como é vontade das partes deste convenio limitar ó máximo a realización de horas extraordinarias, cando sexa preciso dispor de sábados adicionais ós previstos neste convenio, compensaranse, á vontade do traballador, economicamente ou en tempo de descanso coa recarga equivalente. Cada hora extraordinaria implica un descanso de 1,50 minutos.

Por acordo da representación empresarial e os representantes legais dos traballadores ou en caso de non existiren estes, os propios traballadores, poderase modifica-la xornada convida. En tódolos casos, as modificacións acordadas consignananse nun cadro horario confeccionado conforme o previsto na legalidade vixente.

Por acordo da comisión paritaria, poderase modifica-la xornada convida no caso de que se establecese algunha modificación no horario de poxas.

Artigo 7º.-Horas extraordinarias.

As horas extraordinarias prestadas serán satisfeitas cunha recarga do 80% sobre o salario tipo hora ordinaria que resulte da aplicación das retribucións fixadas no convenio.

Artigo 8º.-Premio por matrimonio.

Todo traballador que contraia matrimonio estando de alta na empresa, fose cal fose o tempo traballado nela, percibirá un premio a cargo desta, consistente en cento vinte euros.

Artigo 9º.-Vacacións.

O descanso anual retribuído de persoal abranguido no presente convenio será de trinta días naturais a partir do primeiro ano de traballo, establecéndose a data para o seu desfrute de común acordo entre as partes (empresarios e traballadores), confeccionándose para tal fin unha lista de vacacións, por orde de antigüidade e orde rotativa nos sucesivos anos. No caso de non haber acordo, quince días serán sinalados polo empresario e outros quince polo traballador.

En empresas de menos de 10 traballadores, a falta de acordo, non poderá haber ó mesmo tempo máis de dous traballadores de vacacións.

En empresas de 10 a 20 traballadores pode haber dous traballadores simultaneamente e así sucesivamente.

O persoal que ingrese ou cese na empresa no transcurso do ano terá dereito á parte proporcional do tempo traballado; en todo caso respectarase o establecido no Estatuto dos traballadores.

Artigo 10º.-Día da patrona.

Establécese como día festivo non recuperable o día 16 de xullo, día da patrona, a Virxe do Carme.

Artigo 11º.-Retribucións.

Será de aplicación as establecidas na táboa anexa. Faise constar que a gratificación de transporte sinalada na táboa anexa percibirase aínda nos supostos de enfermidade ou accidente de traballo.

Artigo 12º.-Xornada nocturna.

Tódalas horas de traballo que se realicen en períodos nocturnos impostos pola afluencia de pesca, aboaranse coa recarga do 100% sobre o salario tipo fixado no presente convenio coas limitacións que para este convenio prevé a propia lei. Enténdese por xornada nocturna a partir das 21.00 horas.

Artigo 13º.-Antigüidade.

O dereito de antigüidade consistirá en trienios e serán fixados na contía do 4% do salario deste convenio, sen limitacións no número deles, e pagaranse durante o tempo de vinculación á empresa.

O cómputo da antigüidade ó persoal dará comezo desde a data de ingreso na empresa, sexa

cal sexa a categoría profesional que teña.

Artigo 14º.-Gratificacións extraordinarias.

Cada unha das gratificacións do 25 de xullo e Nadal consistirá nunha mensualidade dos salarios que se establecen neste convenio, a razón de salario base, gratificación de transporte e antigüidade; estas gratificacións terán que ser aboadas o día 25 de xullo e a de decembro non máis tarde do día 22 do dito mes.

Artigo 15º.-Gratificación extraordinaria de beneficios.

O mes de marzo aboarase unha paga denominada de beneficios, cunha contía de trinta días de salarios percibidos no ano natural anterior, a razón de salario base, complemento de transporte e antigüidade, computándose como tal o correspondente a enfermidade xustificada, permisos retribuídos e baixas por accidente de traballo. No caso de non ter permanecido na empresa durante o ano natural anterior, o seu importe reducirase, sendo proporcional ó tempo traballado nela.

Artigo 16º.-Licencias con soldo.

Todo traballador ten dereito ás seguintes licencias retribuídas:

- a) Por matrimonio: 16 días hábiles.
- b) Por falecemento ou enfermidade grave do cónxuxe, ascendentes ou descendentes: 7 días hábiles.

Enténdense como tales os consanguíneos ou, por afinidade, políticos, en caso de irmáns: 5 días hábiles.

c) Establécese unha licenza retribuída de 2 días en caso de enfermidade ou morte dos avós, fillos políticos, irmáns políticos ou tíos.

d) Por parto da esposa: 7 días naturais.

e) Establécese unha licenza retribuída no caso de acompañamento a probas ou recoñecementos médicos de fillos/as menores de trece anos, sempre que o traballador sexa titor ou responsable deles, e sen límite de idade se se trata de diminuídos físicos ou psíquicos.

f) Por cambio de domicilio: 1 día hábil.

g) Dous días de asuntos propios. O traballador deberá avisar con 72 horas de antelación en días hábiles.

Artigo 17º.-Incorporación ó servicio militar.

Elimínase este artigo.

Artigo 18º.-Persoal afectado.

Todo o persoal afectado por este convenio non poderá prestar máis servicios dentro do porto pesqueiro que os debidos á empresa para a que traballa, e a negativa do traballador a prestar servicios en empresa distinta á súa non será considerada como desobediencia para os efectos das causas de despedimento sinaladas na lei. Así mesmo, ningún traballador

poderá prestar servicios a outras empresas do sector distintas á súa. O incumprimento destas normas dará lugar a causa de despedimento disciplinario, de acordo co establecido na lexislación vixente.

Artigo 19º.-Seguridade no traballo.

Toda empresa estará obrigada a dota-lo seu persoal de roupa de traballo adecuada ó ambiente e dadas as especiais circunstancias dos cometidos e funcións que realizan. Para estes efectos, a empresa facilitará a roupa necesaria de acordo coas peculiaridades de cada posto de traballo. En canto á roupa de inverno, a empresa facilitará un anorak ou chubasqueiro anualmente.

Artigo 20º.-Anticipos reintegrables.

As empresas estarán obrigadas a anticiparlles a todos aqueles traballadores que contan cunha antigüidade mínima de seis meses dentro dela, e así o soliciten, o importe dunha mensualidade de retribución, adianto este que será reintegrado polo traballador de forma fraccionada ou por entregas parciais, por períodos mensuais, quincenais ou semanais, segundo lle conveña ó traballador, non devengando xuro de ningún tipo este adiamento no pagamento.

A empresa non estará obrigada a aboa-lo mencionado adianto cando as peticións superen o 50% do cadro de persoal da empresa.

De tódolos xeitos, no caso de cesar na empresa o traballador, a suma que puidese ter pendente de saldar seralle descontada da liquidación finiquito que puidese corresponderlle e, de non asistir tal dereito, estará obrigado a reintegrala de maneira inmediata.

Artigo 21º.-Realización de tódalas manipulacións.

Os aprendices, empacadores, oficiais empacadores, encargados ou compradores realizarán tódalas operacións de manipulación, entendéndose por tales as de rastrexo de caixas, carga e descarga, preparación e demais relacionadas co tratamento do peixe, coas limitacións que establece o Decreto do 26 de xullo de 1957.

Artigo 22º.-Traballo por axuste.

O traballo por axuste será aboado na contía que mutuamente acorden as empresas e os traballadores, pero en todo caso as tarefas deberán representa-lo mínimo das retribucións fixadas na táboa salarial, incrementada no 45% dela.

Artigo 23º.-Traballo de categoría superior.

O traballador que realice labores de categoría superior á que teña asignada percibirá o salario correspondente a aquela durante o tempo que dure a dita situación, pero se se prolongase máis de catro meses, automaticamente adquirirá a categoría que realmente lle corresponde.

A categoría profesional de oficial empacador adquirírase de modo automático ós 5 anos de servizo na empresa.

Artigo 24º.-Asemblea sindical da empresa.

Recoñéceselle-lo dereito de reunión dentro da empresa ós traballadores desta afectados por este convenio, fóra da xornada laboral ou inmediatamente ó rematar esta.

Os traballadores non poderán ser despedidos ou sancionados por estaren afiliados a un sindicato.

Nos casos en que o traballador sexa representante sindical ou do comité de empresa, recibirá as licencias necesarias para o normal desenvolvemento da súa actividade sindical de acordo coa lexislación vixente; en

todo caso a empresa terá dereito a pedir xustificantes das licencias concedidas.

Artigo 25º.-Enfermidade ou accidente.

Tódolos traballadores suxeitos ó presente convenio que se encontren en situación de baixa por enfermidade ou accidente percibirán, con cargo á empresa, a compensación económica necesaria co fin de que perciban o 100% do seu salario real durante un máximo de doce meses.

Así mesmo, os períodos de enfermidade ou accidente non se terán en conta para deducir dos períodos de vacacións.

Artigo 26º.-Táboa de salarios.

A partir do 1 de xaneiro de 2002 respectaranse como mínimo, os salarios que figuran no anexo deste convenio, que supoñen un incremento do 4,3% sobre as táboas salariais do convenio do ano anterior, e o complemento de transporte para tódalas categorías, que se farán efectivos desde o 1 de xaneiro de 2002.

Para os anos 2003, 2004 e 2005, IPC previsto polo Ministerio de Economía e Facenda desde o mes de xaneiro.

Artigo 27º.-Premio de xubilación anticipada e voluntaria.

As empresas aboaranlles un complemento de xubilación a aqueles traballadores con dez anos de antigüidade, como mínimo, na empresa que se xubilen de mutuo acordo con ela, coa contía seguinte:

-Xubilación voluntaria ós 60 anos: 3.005,06 euros.

-Xubilación voluntaria ós 61 anos: 2.404,05 euros.

-Xubilación voluntaria ós 62 anos: 2.103,54 euros.

-Xubilación voluntaria ós 63 anos: 1.803,04 euros.

-Xubilación voluntaria ós 64 anos: 1.502,53 euros.

Unha vez fixada a contía do premio, a empresa poderá fraccionar-lo pagamento durante un máximo de 12 meses.

Para a súa percepción deberá solicitarse no prazo de tres meses desde o cumprimento da idade correspondente. Se cumprindo os 64 anos de idade e seis meses máis, o traballador non solicitase a xubilación, perderá o dereito a este complemento. Este artigo quedará en

suspense no caso de que, por disposición de rango superior, se reducise a idade de xubilación.

Artigo 28º.-Revisión salarial.

Garantírase a diferenza entre o IPC previsto e o IPC real máis 0,5 puntos para os anos 2003, 2004 e 2005.

Artigo 29º.-Seguro de invalidez e morte.

As empresas contratarán un seguro de invalidez colectivo permanente total ou de morte por accidente durante as 24 horas do día, domingos e festivos, para todo o persoal afectado por este convenio, coas seguintes indemnizacións:

-Por morte: 18.030,36 euros.

-Por invalidez permanente total ou absoluta: 21.035,42 euros.

Esta póliza entrará en vigor o mesmo día da sinatura do convenio.

Artigo 30º.-Cláusula de desvinculación salarial.

Os compromisos en materia salarial contidos no presente convenio non serán de aplicación para aquelas empresas que acrediten descenso, en termos reais, da facturación ou dos resultados nos dous últimos exercicios.

Para as empresas que pretendan acollerse á cláusula regulada no presente artigo establécense os seguintes mecanismos:

1. Comisión paritaria.
2. Representación dos traballadores.
3. AGA.

A tódolos mecanismos mencionados anteriormente se lles facilitará a seguinte documentación:

-Acreditación por medio de contabilidade oficial dos resultados dos dous últimos exercicios en que se demostre que durante eles se produciron perdas reais.

-Plan de viabilidade para o período que se pretende a aplicación da mencionada cláusula de exención e a xustificación económica e a súa repercusión real na mellora global dos resultados da empresa.

Na súa aplicación poderanse pactar reducións sobre as porcentaxes de incrementos negociados ou a súa total inaplicación polo período que se determine. Neste último caso aplicaranse os aspectos económicos nos mesmos termos que figuran no convenio anteriormente vixente.

Os representantes legais dos traballadores, membros da comisión paritaria, así como os seus asesores, están obrigados a tratar e manter na maior reserva a información recibida e os datos ós que tivesen acceso como consecuencia do establecido nos parágrafos anteriores, observando, por conseguinte, respecto de todo isto, sigilo profesional.

Disposicións adicionais

Primeira.-As diferencias salariais que se produzan desde o 1 de xaneiro de 2002 deberán facerse efectivas nun prazo non superior a trinta días desde a publicación e conseguinte posta en vigor do convenio.

Segunda.-As partes negociadoras deste convenio comprométense, ó finaliza-la negociación, a establece-los mecanismos necesarios para negociar un convenio do sector de ámbito galego.

A Coruña, 30 de outubro de 2003.

ANEXO

Táboas salariais (ano 2002)

Categoría profesional	Salario base	Compl. transporte	Total mensual	Total anual

SERVIZOS

www.cigservizos.org

* Grupo primeiro. Persoal técnico titulado:				
Titulado grao superior.	791,52	63,94	855,46	12.831,90
Titulado grao medio.	695,11	63,94	759,05	11.385,75
* Grupo segundo. Persoal mercantil non titulado:				

Encargado establecimiento.	695,11	63,94	759,05	11.385,75
Oficial empacador.	636,61	63,94	700,55	10.508,25
Empacador/a.	612,59	63,94	676,53	10.147,95
Aprendiz de empacador.	526,38	63,94	590,32	8.854,80
Comprador.	695,11	63,94	759,05	11.385,75
Conductor.	612,59	63,94	676,53	10.147,95

Categoría profesional	Salario base	Compl. transporte	Total mensual	Total anual
-----------------------	--------------	-------------------	---------------	-------------



* Grupo terceiro. Persoal administrativo:				
Oficial administrativo.	612,59	63,94	676,53	10.147,95
Contable.	612,59	63,94	676,53	10.147,95
Auxiliar administrativo.	580,65	63,94	644,59	9.668,85
Aspirante.	526,38	63,94	590,32	8.854,80

Táboas salariais (ano 2003)

Categoría profesional	Salario base	Compl. transporte	Total mensual	Total anual
-----------------------	--------------	-------------------	---------------	-------------



CIG
SERVIZOS

* Grupo primeiro. Persoal técnico titulado:				
Titulado grao superior.	807,35	65,22	872,57	13.088,55
Titulado grao medio.	709,01	65,22	774,23	11.613,45
* Grupo segundo. Persoal mercantil non titulado:				
Encargado establecemento.	709,01	65,22	774,23	11.613,45
Oficial empacador.	649,34	65,22	714,56	10.718,40
Empacador/a.	624,84	65,22	690,06	10.350,90
Aprendiz de empacador.	536,91	65,22	602,13	9.031,95
Comprador.	709,01	65,22	774,23	11.613,45
Conductor.	624,84	65,22	690,06	10.350,90
* Grupo terceiro. Persoal administrativo:				
Oficial administrativo.	624,84	65,22	690,06	10.350,90

www.cigservizos.org

Contable.	624,84	65,22	690,06	10.350,90
Auxiliar administrativo.	592,26	65,22	657,48	9.862,20
Aspirante.	536,91	65,22	602,13	9.031,95



www.cigservicios.org